

FLADEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: n.º 12



LETRAS GALEGAS 2008

C.E.I.P. MONZEMOGOS
BELUSO

AS ELECCIÓNS DENDE O PUNTO DE VISTA DOS MÁIS PEQUENOS

Os mítins

- Hai moita xente mirando o que din.
- Ó mellor comen.
- Non é un bar. Están nos asentos quedos e oíndo o que falan.



Que é votar?

- Meter unha carta nunha caixa.
- Collen unha carta de Zapatero ou de Rajoy.
- Meten un papeliños a ver quen gaña.
- Elixen a os maiores.
- Collen dous sobres, un branco e outro laranxa e os meten en caixas diferentes.
- Meten nunha urna un papeliño cun sobre e elixen a Zapatero ou a Rajoy.
- Poñen cartas a ver quen gaña, si as brancas ou as laranxas. Quen ten mais cartas gaña.
- Hai que meter as dúas cartas.
- O paquete de laranxas estaba moi cheo, de abaixo arriba, o paquete Branco perdeu porque tiña menos.



Para que se vota?

- Para gañar un concurso.
- Para elixir xente.
- Para elixir a Zapatero e a Rajoy.
- Para gañar diñeiro no concurso.
- Para gañar diñeiro e facerse ricos. "Eles" fanse ricos.
- Para ver quen vai ser presidente ou do concello.



Que se necesita?

- Un carné. Ten unha foto, números, nome e apelidos. Como o da piscina.
- O meu pai olvidóuselle o carné e tivo que ir ao coche a buscalo para votar.



Que opinan dos candidatos?

zapatero



Rajoy



- Miña nai di que son uns pesados. Que sempre mandan cartas.
- Zapatero e Rajoy existen de verdade e están en Madrid. Non son de xoguete e teñen casas de verdade e existen de verdade.
- Zapatero é un señor que sempre sae nas noticias, manda moito, é xefe.
- Zapatero é o director de España.
- As veces discuten e din que Zapatero di mentiras e Rajoy tamén.
- Zapatero é un presidente e Rajoy é outro moi feo.
- Zapatero ten as cellas triangulares.
- Rajoy ten a barba branca,
- Rajoy é un presidente pero non sabemos de onde. Dos ingleses, dos negros, dos portugueses, dos da Coruña...
- O presidente manda a uns e a outros: ocúpate do diñeiro, ocúpate dos zapatos, das metralletas, que ninguén as colla.
- Zapatero cóllelle os cartos aos ingleses.
- Quero que gañe Rajoy porque é máis bo e Zapatero xa leva catro anos sendo o que quere ser Rajoy. Rajoy quere ser presidente.

LOS PRESIDENTES




AS PLANTAS SON SERES VIVOS



Precisamos:


Un tarro
Algodón
Sementes
Auga



Poñemos o algodón e as
sementes no tarro.



Mollamos o algodón con
auga fresquiña.



Nuns días nacen
as raíces.



Nace o talo.



Nunhas semanas saen as
follas.




Os nosos seres vivos están listos
para plantar na terra.
A VIVIR!

As nenas e nenos de 2º B , responden a unhas preguntas sobre cousas que, non se sabe se poderán ocorrer ou non no futuro. Estas son as súas respostas. O que faría cada un/unha deles/as se chegaran a ocorrer. Ti farías o mesmo?

QUE FARÍAS SE ...?

POIDERAS VOAR :

- 
- “Primeiro aprender como aterrá”.
 - “Coñecería todo o que hai no ceo”.
 - “Iría ás nubes e podería tocalas”.
 - “Collería a froita máis alta e máis rica das árbores”.
 - “ Sabería o tempo que vai facer”.
 - “Iría a todos os planetas para coñecer extraterrestres”.
 - “ Voaría cerca do Sol para non queimarme e iría á Lúa”.
 - “Podería ir a: París , Marina D’Or , N.York, Illas Canarias, Venecia ..”.
 - “Visitaría países como :India, China, Francia, Mongolia, Xapón, Exipto...”
 - “ Voaría ó lado dos avións e dos helicópteros”.
 - “Pasaríao moi ben coa miña familia e amigos voando e xogando no ceo”.

Ama

APARECESE UN DINOSAURO NA PRAZA DO POBO.

- “Escaparía correndo de alí e esconderíame para que non me atopase”.
- “Axudaría á escapar á xente que lle tivese medo”.
- “Cazaríao e domaríao para vendelo”.
- “Creo que o primeiro que faría o dinosauro sería romper todo e despois nos comería a todos, por iso botaríame a correr”.
- “Esconderíame e miraría cando marcha para outro lado, para saír”.
- “Seguro que destruíría todo o pobo. Eu iríame para outro país”.
- “Esconderíame debaixo da mesa”.
- “Aínda que fora moi grande, non escaparía nin me escondería; iría diante del porque seguro que tería moito medo de nós. Non lle faría dano”.
- “Avisaría á Garda Civil ou á Policía para que non comera á xente”.

ATERRÁSE UNHA NAVE ESPACIAL CON EXTRATERRESTRES**NO PATIO DO COLEXIO.**

- “Preguntaríalles que fan no patio do colexio e por que viñeron aquí”.
- “Xogaríaa con eles”.
- “Quitaríalles a nave”.
- “Escaparía do colexio porque seguro que intentarían collernos”.
- “Entraría no colexio e esconderíame detrás dunha porta ou debaixo da mesa de ping-pong”.
- “Trataríaos ben e intentaría facerme amiga deles”.
- “Iría correndo ata a miña casa e esconderíame coa miña familia”.
- “Marcharía a outro país onde no houbera extraterrestres”.
- “Entraría na nave sen que eles se enterasen e chamaría ós demais, para marchar todos con eles ó seu planeta”.

Así pensan os alumnos de segundo A

QUÉ PAŠARÍA OU FARÍAS SE
TÓDAS GALIÑAS COMEZASEN A
FALAR E CANTAR EN INGLÉS?

Nada, porque no as íamos a entender.

Levaríaaas a todas á tele.

Estaría moito tempo con elas para aprender.

Preguntaríalle onde aprenderon e iría eu a esa escola.

Ó mellor a mestre as traía a clase.

QUÉ PAŠARÍA OU FARÍAS SE O
GOBERNO PROHIBIRA OLLAR A TELE
ÓS NENOS MENORES DE DEZ ANOS?

Xogaríamos máis cos nosos amigos.

Non poderíamos ver as noticias.

Miraría ás agachadas.

Iríamos máis de paseo.

Divertiríanos máis con outras cousas.

Escoitaría a radio.

NOTICIAS DE 3º A

Na clase de 3ºA estamos escribindo ao longo do curso noticias nas que contamos feitos que nos pasan a nós ou ao noso arredor, e queremos mostrar no **FIADEIRO** algunhas delas

Mércores, 12 de decembro de 2007

MEU IRMÁN: PEDRO

Clara Costas García

O día 11 meu irmán naceu unhas horas despois de comer. A miña avoa chamou por teléfono a case toda a familia. Viñeron os meus tíos Toña e Moi co meu curmán Mario. Todos xuntos fomos a Vigo, ao Hospital Pintado. Alí encontrámonos co meu pai, con Pedro e coa miña nai.

O meu irmán tiña os ollos moi grandes e choraba cando tiña fame.



Martes, 11 de decembro de 2.007

O ESTOXO E O CANDADO

Yerón Carballo Martínez

Onte pola noite Yerón fechou o estoxo cun candado para que seu irmán Bruno non lle collese as cores.

Hoxe, ao chegar a clase, deuse conta de que non podía coller o material para empezar a traballar.


- Onde tes a chave? Preguntáronlle a profe e os seus compañeiros.

- Téñoa na casa gardada nun caixón.

Que podíamos facer?

O profe Pepe, que estaba na nosa clase, dixo que se podía romper cun alicate. Yerón e o profe Pepe foron a xunto Moisés e el conseguiu sacar o candado.

Grazas Moisés.



Xoves, 21 de decembro de 2007

Moiño R. M. A. Carlota

Lorena Fernández

Hoxe pola mañá, naceu miña irmá Carlota. Eu estiven moi nervosa. Durmín na casa da miña avoa porque miña nai estaba no hospital. Xa ía nacer onte pero como non había camas libres, miña nai tivo que quedar na casa .

Pola mañá veu meu pai traerme ao cole. Esta tarde vou ir visitar á miña irmá e a miña nai Vicky.



Mércores, 9 de xaneiro de 2.0008

UN GOL OLÍMPICO

Serafín Canosa Patiño

Eu son xogador do **Bueu Club de Fútbol**. Un sábado pola mañá fun xogar un partido contra o Castrillón.

Iamos gañando dous a un; entón houbo un saque de banda e intentaron pasarme a pelota, pero un xogador do equipo contrario botouna fóra e... Foi **CORNER**. Tiña que sacalo eu. Mirei para centrar,..... Cando vin o porteiro tan alto deume medo; pero como son moi valente, **CENTREI**.

A pelota envelenouse (non foi directa) e en vez de irlle aos meus compañeiros, que estaban agardando para rematar, foi por detrás deles e**ENTROU** na portería.!

NON O PODÍA CRER!

Ao final o partido gañámolo por 4 a 1.



Luns, 11 de febreiro de 2.008

O VIRUS CONTAXIOSO

Nerea Cordeiro Cerviño

Este **entroido** houbo un **virus** malísimo que arrasou todo o Colexio de Beluso. Foi debido ao cambio de tempo e a choiva. Case todos os nenos/as do Colexio estaban no Centro de Saúde con moita febre e dor de gorxa.

O peor de todo era que o virus, a parte de ser moi malo, era **contaxioso** e algúns nenos contaxiaron aos seus familiares; pero nestes momentos xa se encontran todos ben.



A PODA

Despois das vacacións de Nadal, algúns nenos comentaron na clase que polas tardes axudaban ás súas familias nos labores da poda da viña. Foi así como xurdiu o interese por este tema e tratamos de buscar información . Preguntamos na casa, buscamos en Internet, nos libros da biblioteca e estas son algunhas das cousas que aprendemos.

EN QUE CONSISTE?

- ✓ En reducir o tamaño da viña para que poida mellorar o froito, é dicir que os froitos sexan máis grandes e de mellor calidade. *(Nerea)*
- ✓ En cortar vides e os ladróns que lle rouban o viño á planta. *(Yerón)*
- ✓ Podar é o proceso de recortar unha árbore ou arbusto. Se se fai con coidado e correctamente, a poda pode incrementar o rendemento do froito. *(De Wikipedia, recollido por Carlota)*
- ✓ A poda ten por obxecto darlle á vide unha forma determinada para favorecer as operacións de cultivo e restarlle vigor á planta, para regularizar a súa frutificación e conseguir unha colleita o máis regular e constante posible. O viticultor que non coida ben a viña un ano, está comprometendo a colleita dos seguintes. *(Enciclopedia Temática Ilustrada. A Nosa Terra. Tomo 2)*

CANDO SE PODA?

A mellor época é **entre novembro e febreiro**. Despois da caída da folla, esperamos 15-25 días, porque así as raíces e o tronco teñen o máximo de reservas, xa que non tiveron que alimentar ás follas. *(Servizo de Extensión Agraria)*.

COMO FACELO?

A poda faise con toda limpeza, con cortes limpos, coas tesoiras ben afiadas. O corte ha de quedar inclinado cara á parte oposta á xema para que esvare a auga da chuvia. *(Tus plantas.com, recollido por Serafin)*. Para podar correctamente a viña hai que ter en conta unha serie de factores como: a variedade e o vigor da cepa, o tipo de solo, o clima ,etc.

Se a viña está nun lugar húmido podamos para que forme parra ou espaller. Se se atopa nun lugar seco, pódase en baixo, máis arrente ao chan. Nas cepas de albariño e de uva branca en xeral, déixanse as varas mais longas, porque a planta ten mais forza. *(Servizo de Extensión Agraria)*.

QUE SE FAI DESPOIS DA PODA?

Hai que atar as varas á viña. Faise con **vimbios**. *(Yerón)*

A CESTERÍA



CESTOS

A cestería é un oficio moi antigo que consiste na arte de facer cestos.

Hai anos, esta era unha actividade moi importante, pois a cestería formaba parte da vida diaria xa que para recoller toda clase de produtos utilizábanse os cestos. Os obxectos de cestería evitaban que as botellas rompesen, que os sombreiros se deformasen, que as formigas se comesen a nosa comida ...

Hai dous tipos de cesteiros: cesteiros de campo e cesteiros de cidade. Os de campo van dun lugar a outro levando con eles as ferramentas de traballo: burro, coitelo, ferros ... O seu traballo aumenta en épocas como a vendima ou a colleita do millo. Os de cidade traballan no seu taller facendo obras máis finas e variadas que as veces tinguen cunha mestura de anilina e auga.

Ademais de cestos, os cesteiros fan diferentes tipos de obxectos: cadeiras, mesas, gaiolas, paraugueiros, xerras, nasas, colmeas ...

Para o seu traballo, os cesteiros, utilizan diferentes tipos de materiais: vimbio, xunco, palla, madeira de carballo, de castiñeiro e de outras moitas cousas. En Galicia, os campesiños, as veces, tamén empregan como material a cana; pero en contadas ocasións, porque o tecido obtido é fráxil e de moi mala calidade. Outras veces, para os

traballos do campo, facían cestos de silveiras e de xestas. Os nenos das aldeas aprendían a facer cestiñas coas candeas dos castiñeiros que eran moi fráxiles e ao secar se desfacían e rompían.

As principais ferramentas dos cesteiros eran as seguintes: machada, burro, coitelo, navallas, punzóns, tenaces, tesoiras, fendedores, bastidores, afiadores, martelo, curvadores, cepillos ...

Para facer un cesto o procedemento é o seguinte:

1º Faise o fondo do cesto que se chama urdimento.

2º Crúzanse os ferros amarrados con cravos ao chan de madeira. Despois as vergas sen tecer póñense verticais.

3º Cóllese outra verga, chamada tapamento, dálle dúas voltas ao cesto e as vergas tecidas apértanse contra o fondo.

4º Séguese tecendo e apertando ben con vergas do mesmo ancho ata acadar o alto do cesto.

5º Recórtanse as vergas verticais sen que sobresaia ningunha.

6ª Co ferro plano moi quente e de punta fanse uns buratos na parte superior das vergas un en cada verga, preto do remate.

7º Créase a boca do cesto.

8º Cunha verga estreita e delgada, chamada vinca, vanse envolvendo os vincos pasándoa



FENDEADOR

polos buratos..



CADEIRA SOMERSET

No caso de que precise levar asa, collerase unha verga cortada polos extremos en punta e furados co ferro e métese domeando a mesma por entre os aros superiores, facendo cadra-los seus buratos cos das vergas e rematando.

Houbo cesteiros moi famosos, Joe Shanahan era o cesteiro máis famoso do mundo, era capaz de facer calquera tipo de cesta do presente ou do pasado. Tamén eran moi coñecidos os cesteiros de Somerset, que fabricaban unha cadeira que non leva ningún tipo de madeira e nela podía sentar calquera persoa sen ningún risco de ir parar ao chan.

Na actualidade, os cestos sóense utilizar como obxectos de adorno, pois agora, hai outros produtos feitos de plástico e outros materiais que ocuparon seu lugar.

VOCABULARIO RELACIONADO COA CESTERÍA:

Urdimento: fondo dun cesto.

Tapamento: verga que entrenza as vergas verticais cando xa está feito o urdimento.

Vincos: vara delgada de carballo dividida en dúas que se emprega para o remate das vergas da boca dun cesto.

Vinca: vara delgada e estreita coa que se remata un cesto.


Cesto: emprégase na vendima para bota-las uvas.

Culeiro: emprégase na recolleita do millo.

Anilina: sustancia disolta en auga que serve para tinguir as obras de cesteiros da cidade.

Ángel, Joel, Paula, Verónica e Xoel 3º B

FERRAMENTAS DO CESTEIRO



1.- CURVADOR

2.- BASTIDOR

3.-PUNZÓN

4.- MARTELO

5.- RACHADOR

6.- TESOIRAS DE PODA

7.- TENACES

8.- FENDEDOR

9.- SERRA

AS REDEIRAS

O oficio de redeira consiste en facer redes e tamén arranxalas cando despois do uso teñen furados. É un traballo case exclusivo de mulleres, sendo poucos os homes que se dedican a el. Cando se confeccionan as redes varias redeiras traballan xuntas.

O aparello de traballo fundamental para unha redeira é a agulla. As agullas utilizadas antigamente eran de ferro ou de madeira pero as que se usan agora son plásticas; tanto unhas como as outras poden ser de diferentes formas e tamaños.


O material imprescindible para tecer é o fío, que pode ser máis groso ou máis fino dependendo do tipo de rede que se queira facer. Antigamente as redes facíanse con fío de algodón pero na actualidade o material máis utilizado é o nailon e a tanza. Ademais de fío tamén se utilizan outros materiais: cabos, chumbos, flotadores, cortizas, boureis, cadeas, pedras ou pandullos...

Os nós máis utilizados polas redeiras cando fan as redes son o de escota e o ballestrinque. Son moitos os tipos de aparellos que se poden montar con rede: nasas, redes de arrastre, redes do xeito, xávegas, trasmallos, rapetas ...


Para facer unha rede nova as redeiras comezaban por un cano que amarraban a un pao ou a un gancho, enchían a agulla co fío, collían o taco e ían tecendo o aparello de acordo coa malla que querían obter. De esta forma obtíñanse panos de diferente tipo de malla. Despois os panos uníanse para ir formando as distintas partes do aparello. Logo entrállanse as redes, poñéndolle dous cabos que ían ser utilizados o superior para colocar as cortizas e o inferior para os chumbos. A continuación engadíanselle os calóns, boureis, etc. e por último, antigamente, tinguíanse con casca de piñeiro para dar máis fortaleza as redes, que eran de algodón. Esta operación na actualidade xa non se fai.

Manuel, Rubén, Saúl e Xavier 3º B


ELABORACIÓN DE REDES




CORTIZA



CHUMBOS E PESOS DE
PEDRA



CONFECCIÓN DE REDES



DIFERENTES TIPOS DE AĞULLAS

O ZAPATEIRO

O zapateiro é a persoa que fai ou arranxa o calzado. É un oficio moi antigo que na actualidade perdeu moita importancia. Antes había dúas clases de zapateiros: os que traballaban en taller e os zapateiros de portal. O zapateiro de taller usaba de gran cantidade de ferramentas, tiña moitos coñecementos e facía e arranxaba todo tipo de zapatos; sen embargo o zapateiro de portal dispoñía de menos ferramentas que levaba nun caixón cunha correa que pasaban polo ombreiro e que logo utilizaban como mesa de traballo. Ía polas casas e facía arranxos máis ou menos sinxelos. Hoxe son grandes fábricas as que fan os zapatos e a función dos zapateiros é facer pequenas reparacións como “botar tapas” e “poñer tombas”.

Son moitas as ferramentas que utiliza o zapateiro e algunhas delas son:

Martelo – Instrumento composto por unha peza de ferro e un mango de madeira utilizado para cravar as pezas e bater no coiro.

Chaira - Utensilio rematado en punta que se emprega para facer furados.

Subela – Instrumento para facer furos e coser.

Escofina – Lima grossa para rebaixar os materiais.

Coitela – Lámina dun só gume que serve para cortar.

Troquesa – É unha especie de alicate que serve para suxeitar obxectos e tamén como pequeno martelo.

Tenaces – Ferramenta que consta de dúas partes móbiles con extremos en forma de mordaza que serve para arrincar cravos

Tesoiras – Instrumento de corte formado por dúas follas de aceiro dun só fío, cruzadas e articuladas.


Confeccionar un zapato é unha tarefa complicada. O coiro córtase con toda unha variedade de coitelas. As unións fanse a través de furados previamente perforados cun punzón. Para facer o calzado comézase pola parte de arriba. Córtanse as pezas de material e colócanse na “forma”; logo pola beira inferior, suxéitanse con craviños e, seguidamente póñense as solas, que se cortan, baten e abarquillan coséndoas coa subela. Despois, escofinanse, pásanse os ferros de vivos, a pata de cabra, etc. e sácase a forma co tiraformas. Remátase a peza facéndolle os buratos para os mayós, con ollais ou corchetes ou sen eles e retocando o conxunto.

Os zapateiros ademais de facer e arranxar o calzado fan tamén outra chea de cousas de coiro: chancas, bolsos, albardas, cinchas, cintos ...

En España hai cidades con grandes fábricas de calzado, entre as que podemos citar: Almansa (Albacete), Elda (Alacante), Manacor (Baleares) ..

Carmen, Juan, María e Tamara 3º B

FERRAMENTAS DO ZAPATEIRO



1.- MARTELO

2.- CHAIRA

3.-SUBELA

4.- ESCOFINA

5.- COITELA

6.- TROQUESA

LERIAS NA CLASE DE 3º B

Verónica descubriu que na clase había unha figura do fútbol.

O RONALDINHO DA CLASE



El é loiro e ten os ollos marróns e grandes. É alto e deportista. Gústalle moito o fútbol e o ping-pong. No fútbol encántelle xogar de porteiro ou dianteiro e con el o seu equipo sempre gaña. Cando perde un partido cabréase moitísimo e non fala con ninguén; pero cando gaña ponse a gritar por toda a clase. Soe levar tenis, chándal e suadoiro. Case nunca trae chaqueta ou cazadora. É moi listo, cando quere, e moi bo compañeiro, tanto na clase coma no fútbol.

Verónica.


Rubén conseguiu unha receita para facer unha fabulosa tortilla de patacas.

A TORTILLA DE PATACAS

Para facer unha tortilla de patacas necesitamos:

- Catro patacas,
- tres ou catro ovos,
- cebola,
- aceite e sal.

Primeiro pelamos as patacas e picámolas en cachos pequenos. Poñemos ao lume unha tixola con aceite e fritimos as patacas cun pouquiño de cebola picada e sal. Cando están fritidas, deixámolas a arrefriar un pouco e mentres pisámolas co garfo. Batemos os ovos e despois mesturámolos coas patacas. Todo isto poñémolo ao lume cunha pinga de aceite. Deixámolo un pouco e dámoslle a volta con axuda dun prato. Esperamos un pouquiño e lista para comer. Está BOÍSIMA!



Rubén.

María contounos o dura que é a vida dun mariñeiro .

A VIDA NO MAR



O meu pai traballa no mar. Levántase as tres e media da mañá e vai para o peirao a iscar as nasas. As catro e media sae para o mar e a ruta lévalle unha hora para chegar a illa de Ons. Cando chegan largan as nasas e esperan tres horas para levantar o lance. Despois, á unha da tarde, empezan a meter as nasas. Cando acaban, véñense para terra, venden a captura na lonxa de Bueu e meten a carnada na lancha para o día seguinte.

A vida dos mariñeiro é moi dura porque pasan frío e móllanse. Cando hai sol e o mar está calmo e un día moi bonito para o mariñeiro.

María.

Xavi relatounos a historia dun feito real na que se fala dos perigos do mar.

ASÍ MO CONTOU O MEU TÍO

Ocorreu unha noite de inverno, foi a véspera do Nadal. O home do tempo dixera que se avexiñaba unha tormenta, pero meu irmán e máis eu pensamos que nos daría tempo a pescar antes de que chegase; pero equivocámonos. Metéramos xa a segunda cacea con bastante boa pesca, cando comezou unha forte ondada. Estivemos dubidando un intre sobre se volver a porto ou seguir coa pesca, ata que una xigantesca onda entrou dentro do barco polo costado de babor e case damos volta. Todas as nasas caeran ao chan e a planeadora mediouse de auga. Así que xa non dubidamos máis, acendemos o motor e puxemos rumbo a terra.

Aquela noite gañamos algo máis que a pesca.

Xavier.



Saúl comentaba o difícil que era xuntar a esas familias con mariñeiros.

A FAMILIA NO MAR

Na miña familia hai moitos mariñeiros. Teño dous tíos que andan ao mar moi lonxe, van ás Malvinas en barcos moi grandes e botan moitos meses no mar. Teño outros dous tíos que andan ao mar no Gran Sol, eles van en barcos máis pequenos e tardan arredor de vinte días en vir á casa; pero nesa zona soe facer moi mal tempo. Tamén teño outro tío que anda nun barco pequeno que pesca pola zona das illas Ons e Cies ou un pouco máis lonxe, sae a pescar de madrugada e volve pola tardiña. Teño un primo que vai nun barco grandísimo que se dedica a levar coches a outros países, ven cada vinte días pero só bota un día na casa. Fai a ruta do Mediterráneo e tamén a do norte de Europa.



Cunha familia con tanta xente traballando no mar é moi difícil que coincidamos todos xuntos.

Saúl.

Joel, para rematar, contounos o conto de animais que el mesmo inventou.

O CAN FUCO



Unha vez, na rúa, atopábase un can abandonado. Ese can chamábase Fuco. Como non tiña onde vivir e era inverno, foi buscar onde resgardarse. Despois de andar moito, atopou unha aldea chamada Covas, na que había unha casa antiga. O seu dono era Lourenzo, o ferreiro. Con el vivía unha gata negra chamada Perla e tamén un rato chamado Bicho. Aínda que era un rato, levábase moi ben coa gata e xogaban xuntos. Lourenzo ao ver a Fuco, tan só, triste e que viña tremendo co frío, decidiu acollelo na súa casa e así viviron todos felices.

Joel.

A ESTRELA CARMELA

A estrela Carmela tiña catro anos, tres irmáns de nove anos e un avó. Ela era moi travesa e soñaba con explorar todos eses recunchos tan bonitos do mar. O seu avó dicíalle que ela era moi pequena para defenderse de todos os perigos que atoparía. Carmela tiña moitos amigos e un fermoso día propúxolles ir dar unha volta para coñecelo todo.

O seu amigo Caramuxo dixo:


- Carmela, eu non me atrevo, aínda somos moi pequenos.
- Si, Caramuxo. Teremos que esperar un pouco.

Pasados uns anos, cando Carmela xa tiña fillos e marido, foi ao Buraco de Polbo e á anémona de Peixe en busca de aqueles antigos amigos. Cando xa estaban todos, invitounos a ir ao “Marcine”. Alí o seu marido traballaba como acomodador de peixes e conseguíulles os mellores asentos. Despois convidounos a dar unha volta polo arrecife, a comprar caviar, á ópera, o parque e a Acoradouro. Pola zona tamén atoparon un tesouro que estaba nun barco pirata afundido.

De volta Carmela dixo aos seus compañeiros:


- Vale, xa é moi tarde e debo volver rápido. Teño que ir recoller aos meus fillos ao cole de Lagos e levalos ao parque e Areas de Bon a xogar un pouco.

Polo camiño encontráronse con Polbo e foron ao café. Cando xa eran as oito e media o seu marido Xoán veu recoller a Carmela e aos nenos e fóronse para a alga onde vivían, comeron o caviar que ela comprara e déronse o bico máis grande do Universo.



CRISTOVO COLÓN

un novo mundo



Cristovo Colón naceu en Xénova en 1451, vila marítima de Italia. Pero non é a única cidade que reivindica o berce do navegante, entre elas atópase Pontevedra. De calquera xeito parece seguro que o pequeno Colón, dende moi cedo, tivo relación co mar.

Sendo novo (23 anos) embarcou como grumete e andou polo Mediterráneo. Pouco despois navegando cara a Inglaterra, a súa embarcación foi atacada polos piratas, e librou da morte de milagre, pois conseguiu chegar a nado ás costas de Portugal (1476).

Alí empeza unha nova xeira para el: casou, foi vivir a Madeira e pasou o tempo ollando mapas, lendo libros de viaxes, relatos de exploradores e sobre de todo aprendeu a navegar mellor que ninguén. Colón pensaba, ao igual que Tolomeo e algúns outros, que era posible dar a volta arredor da terra, e chegar a Asia viaxando en dirección oeste.

Dirixiuse ó rei de Portugal, mais non lle fixeron caso. Cristovo acordou daquela ir onda ós reis de España, Fernando e Isabel. Logo de moito agardar (6 anos), a raíña puxo a súa disposición tres naves: a Santa María, a Pinta e maila Niña.

Álvaro e J. Cielo 4ªA



O 3 de agosto de 1492 zarpaba Cristovo do porto de Palos comandando unha das carabelas, a Santa María, cara o descoñecido. Nas outras dúas, Pinta e Niña, os irmáns Pinzón, experimentados capitáns. Fixeron escala nas Illas Canarias onde repararon as naves. Navegaron durante semanas cara ó oeste, pero a tripulación axiña comezou a desacougar, moitos querían volver.

Despois de moitas vicisitudes o 12 de outubro de 1492 albiscou terra, unha illa descoñecida (Bahamas). Estaba poboada de xentes estrañas, de plantas e animais estraños. A viaxe de volta foi espantosa. A primeira en chegar a Europa (Baiona) foi a Pinta de Pinzón. Colón arribou como puido a Lisboa aos mandos da Niña. A Santa María naufragou no Novo Mundo e coa súa madeira construíuse o fortín de "Navidad". Cando chegou de volta a Palos de Moguer todo o mundo o esperaba. Fernando e Isabel recibírono na Corte cos honores e pompa que se debe ós grandes heroes.

Vera e Laura 4ºA

on tivo dificultade ningunha o Almirante na segunda expedición (1493), todo o mundo suspiraba por ir á "terra do ouro". Despois dunha travesía relativamente tranquila, arribaron á illa Dominicana. Colón explorou a costa e bautizou novas terras.

O fortín fora arrasado, non quedaba ningún español vivo e os indios xa non eran tan pacíficos. Mandou construír unha nova cidade, A Isabela. Houbo revoltas e regresou a España con algo de ouro e moitos indios.

Foi un recibimento frío (pouco ouro) e tardou dous anos en ser autorizado para unha nova expedición (non cooperaba cos funcionarios reais e era duro cos indíxenas). Custou moito organizar a terceira viaxe as Indias, xa non atraían, e levou unha mala tripulación. Foi máis cara ao sur, rumbo ás costas de Venezuela. As cousas non eran fáciles e os mariñeiros non querían seguir. Houbo protestas contra a familia Colón.

Os reis decidiron destituílo e os irmáns Colón regresaron a España encadeados.

José, Yoel, Brais e Beni 4ºA

en embargo, dous anos máis tarde fináncianlle a cuarta viaxe (1502). Nesta viaxe difícil, pillaron furacáns, percorreron Honduras e foron vítimas das febres. Colón volve a España en 1504 enfermo e desganado, poucas semanas antes da morte da raíña Isabel, a súa valedora, e el morre dous anos despois (1506).

A súa morte foi ignorada por case todos. Xa non era un heroe.

Javier e Noel 4ºA

incocentos anos despois, Cristovo Colón é unha das personaxes máis importantes da historia. O seu nome é coñecido en tódalas partes do mundo. Foi un home sabio, mariñeiro valente, que loitou polas súas ideas, que se atreveu a cruzar o Atlántico cando ninguén o facía e descubriu un novo mundo.

Grazas a este descubrimento chegaron a España e Europa: o tabaco, o millo, a piña, os feixós, o xirasol, o tomate, o cacao, o pemento morrón, as patacas, a cabaciña, os figos chumbos... Tamén se coñeceron : o pavo, a iguana ou a hamaca.

Manuel e José Manuel 4ºA

BAJONA E OS SEUS MONUMENTOS

Bajona é un concello de preto de 12.000 habitantes, un pobo envorcado ao mar, de grande interese turístico e importante historia. Á esta vila chegou Martín Alonso Pinzón coa Pinta en 1493, ao retorno do descubrimento de América.

Conta con lugares de grande interese turístico:


A VIRXE DA ROCA; construída en granito polo arquitecto porriñés Antonio Palacios. A obra inaugurada no 1930, ten quince metros de altura, e representa á Virxe sostendo na súa man dereita unha barca-mirador, ao que se acede por unha escaleira interior de caracol. A cara e as mans da Virxe son de mármore branco, obra do escultor valenciano Mariano Benlliure.




O CASTELO DE MONTECERREAL; esta fortaleza do século XIV acolle dende hai máis de trinta anos un Parador de Turismo, que se beneficia dunha privilexiada panorámica da costa sur de Galicia.



RÉPLICA DA CARABELA PINTA; Construíuse en 1993, con motivo da celebración do V Centenario da Arribada da Pinta a Baiona. Na actualidade alberga un museo colombino.



AZULEXO DA ARRIBADA; este mural de 1963 reflicte as rutas tomadas por Pinzón e Colón ós mandos da Pinta e a Niña, respectivamente, ao seu regreso do descubrimento do Novo Mundo.




MONUMENTO ENCONTRO ENTRE DOUS MUNDOS; esta obra de Magín Bugallo conmemora o V Centenario da Arribada (1993) está erixido ao pé da muralla de Monte de Boi, e moi preto do lugar onde foi enterrado o primeiro indíxena morto no "Vello Continente".



Baiona tamén conta co Cruceiro da Santísima Trindade, coa Colexiata da Anunciada, a Igrexa de Dominicas, as Casas Blasonadas...

Alexandra e Susana 4^ªA




CURIOSIDADES DO NOSSO MUNDO II

Por que nalgunhas ocasións a Lúa non é redonda?

Os estados sucesivos de iluminación da Lúa denomínanse fases lunares. As fases lunares prodúcense polas posicións do Sol e da Lúa respecto da Terra. A Lúa nova ocorre cando este satélite se encontra entre o Sol e a Terra, e a Lúa aparece escura. Ao moverse a Lúa arredor da Terra, a súa superficie vaise iluminando, é o que se coñece por cuarto crecente. Cando está completamente iluminada denomínase Lúa chea. Nos días seguintes, a Lúa vai diminuindo a súa superficie iluminada, no que se coñece como cuarto minguante, ata chegar outra vez á fase de Lúa nova. Este proceso dura uns vinte e sete días.


Cristian Fernández Paredes.(4ºB)



Que son os hemisferios?

Un hemisferio é cada unha das dúas metades do globo terrestre en que queda dividido segundo o trazado da liña central imaxinaria que é o Ecuador. O seu nome significa “media esfera” e reciben o apelativo de hemisferio norte, do Ecuador ao Polo Norte, e hemisferio sur, do Ecuador ao Polo Sur.

Sergio Martínez Estévez.(4ºB)



Por que só vemos unha cara da Lúa?

A Lúa ten tres movementos principais: un de rotación sobre ela mesma e dous de translación, un arredor do Sol e outro arredor da Terra. Como o movemento de translación arredor da Terra e o de rotación coinciden, desde o noso planeta sempre se ve só unha das caras da Lúa.

Lucía Martínez Reiriz.(4ºB)

Por que se producen as estacións do ano?

As estacións son os catro períodos de tempo en que se divide un ano: primavera, verán, outono e inverno. As variacións na temperatura e na duración dos días características das distintas estacións, prodúcense porque cambia a inclinación da Terra con respecto do Sol nos diferentes meses do ano, o que fai que os raios do Sol cheguen á Terra con distinta inclinación, recibindo máis ou menos luz e calor. Se o hemisferio inclinado cara o Sol é o sur, alí será verán, mentres que no norte será inverno, e viceversa. Nos polos, só hai dúas estacións, inverno e verán, de seis meses cada unha.

María Nogueira Regueira.(4ºB)

Por que se producen os fogos fatuos?

Cando por efecto da descomposición de certas substancias orgánicas, nas que está presente o fósforo, estas volatízanse, prodúcese a emanación de hidróxeno sulfurado incandescente, que a brisa transporta en forma de lixeiras chamas danzantes. Por iso este fenómeno, frecuente nos pantanos e, sobre todo, nos cemiterios excitara sempre a imaxinación das xentes sinxelas, que atribuían un significado misterioso ao que en realidade é un efecto puramente químico.



Roberto Pastoriza Rodríguez.(4ºB)

Por que se orixinan as tormentas?

O fenómeno da tormenta distínguese da simple chuva en que no primeiro caso a precipitación de auga é acompañada de fenómenos luminosos (lóstregos) e acústicos (tronos). Estes fenómenos prodúcense ao establecerse unha diferenza de tensión eléctrica entre dous

nubes ou entre unha nube e a Terra, con desprendemento de chispa. O resplandor do lóstrego e o estrondo do trono prodúcense á vez, pero o percibimos en distintos momentos debido as diferentes velocidades de propagación da luz e o son.

Rubén Patiño Otero.(4ºB)

Por que flota un iceberg?

A auga, ao xearse, perde densidade. Ademais, o feito de que os iceberg – masas desprendidas, por fractura, dos casquetes polares – estean constituídos en boa parte por auga procedente das precipitacións atmosféricas, favorece a flotabilidade destes inxentes bloques de xeo, dos cales, polo xeral, emerxe só unha oitava parte do seu volume. Grazas a elo poden navegar á deriva, sen fundirse, varios anos.



Mercedes Pretel González.

Por que o mar non inunda a terra?

A constante evaporación a que está sometida a auga dos mares mantén practicamente constante o nivel do mar, aínda cando este non sexa uniforme para toda a súa superficie. Chegaría que a temperatura dos casquetes polares aumentase só algúns graos para que a fusión do xeo alí acumulado ao longo de milenios fixese subir o nivel das augas a límites catastróficos para a humanidade.


Laura Rial Ferradás.(4ºB)

Por que a semana ten sete días?

Os nomes dos días da semana proceden do Latín. Entre os romanos o luns estaba adicado a Lúa, o martes a Marte, o mércores a Mercurio, o xoves a Xúpiter e o venres a Venus.

O nome de sábado procede do “Sabbat” xudeu e o domingo foi introducido polos cristiáns para designar o día consagrado ao Señor (Dominus).

Iria Rosas Regueira.(4ºB)



Por que algunhas noites non hai Lúa?

A Lúa non irradia luz propia, senón que reflicte a luz do Sol.

Hai varias razóns para que nalgúns noites non vexamos a Lúa no ceo: pode ocorrer que a Terra se interpoña entre o Sol e o noso satélite, impedindo así a súa iluminación e facéndoo invisible. É o que se chama eclipse. Pode suceder tamén que no seu xiro arredor da Terra a Lúa se encontre no lado oposto ao noso. É posible, por último, que o ceo estea nubrado e as nubes nos impidan a súa visión.

Catia Santomé Paredes.(4ºB)



Por que teñen “cola” os cometas?

Os cometas son as formas astrais máis primitivas do Sistema Solar. Naceron ao tempo que o Sol (hai catro mil seiscientos millóns de anos), e, a diferenza dos demais corpos celestes, a súa composición – mestura de metano, amoníaco, anhídrido carbónico e xeo – non cambiou desde entón. Cando periodicamente, a xélida masa destes astros se achega ao Sol, a calor deste provoca a evaporación dos gases comentados, que saen violentamente en chorro formando a famosa “cola”, a cal, por efecto do “vento solar”, proxéctase sempre en dirección oposta á do Sol.

Patricia Torres Ferradás.(4ºB)



Que é a Vía Láctea?

A Vía Láctea é unha galaxia, é dicir, un grupo de estrelas que ten forma de disco, dentro da cal se encontra o Sistema Solar. Esta galaxia tamén se coñece co nome de Camiño de Santiago. A Vía Láctea é unha galaxia en forma de espiral cun movemento de rotación no sentido das agullas do reloxo. Obsérvase desde a Terra coma unha banda luminosa que cruza o ceo nocturno, e faise especialmente visible nas noites claras e sen Lúa no verán. Calcúlase un diámetro de cen mil anos luz e un número de estrelas que rolda os douscentos mil millóns.

Ángela Villanueva González.(4ºB)

CONTOS

O CABALO DE UXÍA

Había unha vez unha nena chamada Uxía que tiña unha gran ilusión: ter un cabalo.

Un día decidiuse a pedirilles aos seus pais que llo mercaran. Os seus pais, despois de pensalo durante uns días, díxeronlle a súa filla que se aprobaba todas as materias do curso, compraríanlle un cabalo.

Uxía afanouse moito e conseguiu aprobar todas con moi boas notas.

E un bo día, pouco tempo despois, os pais de Uxía cumpriron a palabra e ...regaláronlle un fermosísimo cabalo.

O cabalo era branco e púxolle de nome “Riciños”. Distinguíase dos demais porque tiña ao redor do ollo esquerdo unha mancha marrón.

Iria Rosas Regueira (4ºB)



A FAMILIA DE VIAXE


Había unha vez unha familia que decidiu facer unha viaxe polas illas Ons e as illas Cíes no seu barco “O Freixo”.

Primeiro chegaron á illa de Ons e comezaron a percorrela. Quedaron abraiados da beleza das súas praias : Area de Cans , Melide e todas as demais. Tamén miraron os niños das gaivotas e os seus ovos; as dornas, embarcacións tradicionais que se empregan aínda hoxe para pescar; as casiñas antigas, onde vivían e aínda viven algúns colonos; ata viron un lavadoiro no que se lavaba a roupa a man antigamente: e, como non, o faro da illa.

Ao rematar esta fermosísima viaxe continuaron cara ás illas Cíes. Nada máis atracar o seu barco: a praia de Rodas, que din que é a máis fermosa do mundo. Logo, o piñeiral que a rodea e, claro, foron ata o faro e quedaron abraiados das vistas tan fermosas que desde alí había.

Foi unha viaxe para non esquecer nunca.

Lucía Martínez Reiriz (4º B)



OS GATIÑOS ASTUTOS


Érase unha vez unha gata que tivo dous gatiños, de nome Teo e Pipo. Vivían en Sar, nunha casa moi fermosa. Tomaban leite nunha cunca e tamén a súa nai lle daba de mamar. Dentro da súa casinha durmían os tres moi quentiños tapados cunha mantiña.

Pero un día apareceu pola casa un gato grande e bastante malo, que non facía máis que asustalos e ata parecía que os quería comer. Entón a nai díxolles aos seus filliños que lle ían poñer unha trampa para que marchara de alí para sempre. E iso fixeron.

Cando pasados uns días o malvado gato apareceu de novo, os gatiños fixeron todo o posible para que pasara por enriba dunhas herbas que tapaban un gran burato. E claro, caeuse por alí. Despois, puxéronlle unha rede por enriba e, pasado un tempo, soltárono. Desde ese día o gato malvado non volveu por alí.

Ao final, os gatiños e a súa nai viviron moi contentos e felices na súa casinha.

Patricia Torres Ferradas (4º B)





XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

17 DE MAIO DE 2008

ÍNDICE

- 1-HISTORIA DAS LETRAS GALEGAS.
- 2-QUEN ERA XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ?
- 3-OBRA LITERARIA.
- 4-COMO ERA XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ?

HISTORIA DAS LETRAS GALEGAS

A historia das Letras Galegas comeza formalmente en marzo de 1.963 cando tres membros numerarios da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo, envían unha carta ao presidente da institución, Sebastián Martínez Risco, con motivo de se celebrar nese ano a publicación de “Cantares Gallegos” de Rosalía de Castro.

O 28 de abril dese mesmo ano, ten lugar unha Xunta ordinaria da Institución onde se acorda declarar como día das Letras Galegas o 17 de maio de cada ano. Dous días despois, o presidente da Real Academia Galega, comunicou este acordo ao Ministerio de Información e Turismo e solicitou a súa autorización para levar a cabo esta iniciativa. O 14 de maio , o delegado provincial de dito ministerio , Francisco Serrano Castillo, no nome do Excmo. Sr. Ministro, contestaba de maneira favorable a esta iniciativa.

Aquel primeiro ano de 1.963 honrouse a figura de Rosalía de Castro con numerosos actos promovidos pola institución académica, que tiveron como sede principal a cidade de A Coruña.

Desde esta data e sen interrupción veuse dedicando anualmente o Día das Letras Galegas a unha figura senlleira da nosa cultura, elixida en Xunta Ordinaria pola Real Academia Galega.

FIGURAS HOMERAXEADAS

2008 - Xosé María Álvarez Blázquez

2007 - María Mariño

2006 - Manuel Lugrís Freire

2005 - Lorenzo Varela

2004 - Xaquín Lorenzo Fernández

2003 - Avilés de Taramancos (Antón Avilés Vinagre)

2002 - Frei Martín Sarmiento

2001 - Eladio Rodríguez

2000 - Manuel Murguía

1999 - Roberto Blanco Torres

1998 - Poetas Medievais da ría de Vigo (Martín Códax, Mendinho e Johan de Cangas)

1997 - Ánxel Fole

1996 - Xesús Ferro Couselo

1995 - Rafael Dieste

1994 - Luís Seoane

1993 - Eduardo Blanco Amor

1992 - Fermín Bouza Brey

1991 - Álvaro Cunqueiro Mora

1990 - Luís Pimentel

1989 - Celso Emilio Ferreiro

1988 - Ramón Otero Pedrayo

1987 - Francisca Herrera Garrido

1986 - Aquilino Iglesia Alvariño

1985 - Antón Losada Diéguez

1984 - Armando Cotarelo Valledor

1983 - Manuel Leiras Pulpeiro

1982 - Luís Amado Carballo

1981 - Vicente Martínez Risco

1980 - Alfonso X o Sabio

1979 - Manuel Antonio

1978 - Antonio López Ferreiro

1977 - Antón Villar Ponte

1976 - Ramón Cabanillas Enríquez

1975 - Xoán Manuel Pintos Villar

1974 - Xoán Vicente Viqueira

1973 - Manuel Lago González

1972 - Valentín Lamas Carvajal

1971 - Gonzalo López Abente

1970 - Marcial Valladares Núñez

1969 - Antonio Noriega Varela

1968 - Florentino López Cuevillas

1967 - Manuel Curros Enríquez

1966 - Francisco Añón

1965 - Eduardo Pondal

1964 - Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

1963 - Rosalía de Castro

QUER ERA XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ?

Xosé María Álvarez Blázquez, escritor galego, naceu en Tui o 5 de febreiro de 1915. Viviu no seo dunha familia de escritores en lingua galega. O seu avó paterno Emilio Álvarez Jiménez, o seu tío e padriño Xerardo Álvarez Limeses, así coma dous dos seus irmáns Darío e Emilio, que tamén deixaron obras publicadas.

Xosé María publica os seus primeiros poemas en xornais de Pontevedra e Tui alá polo ano 1.930.

No 1.931 empeza os seus estudos de maxisterio e no 1.936 empeza a estudar Filosofía e Letras.

Participou na vida política de Galicia formando parte do Partido Galeguista, empezando primeiramente por entrar nas Mocidades do Partido.

Durante a Guerra Civil española tivo que servir no Hospital Militar San Caetano de Santiago. Volto á vida civil exerce como mestre en Coreses, pero en 1.941 pide a excedencia voluntaria e instalase en Vigo para montar unha fábrica de tellas e ladrillos xunto cos seus irmáns, e, que pechou polo 1.945. Neste ano empeza a traballar como secretario da confraría de pescadores de Vigo.

Casa en 1.956 con María Luísa Cáccamo Freiben, chamada Colorín, coa que tería seis fillos adicados tamén a actividades como a literatura, teatro ou pintura.

En 1.948 funda, con Viñas Cortegoso, a librería anticuaria Monterrey.

A principios do 1.966 trasládase a Oviedo como axente de vendas de Pescanova. Alí leva á súa familia pero unha doenza mortal da súa esposa fai que volten a Vigo para estar cerca do seu irmán médico. Daquela, na procura da subsistencia profesionalízase como editor, creando as coleccións *O Moucho* e *Pombal*. En 1.968 empeza tamén a traballar como profesor contratado no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro de Vigo.

No 1.969 viaxa á Arxentina e desde alí a Caracas, invitado polo Centro Galego de Bos Aires.

Os derradeiros sesenta e primeiros setenta son anos de grande actividade editorial, nos que converte as *Edicións Castrelos* en símbolo e instrumento da popularización do libro galego que forma parte do proceso político que vive Galicia naqueles anos. Aparte do seu labor editorial, tamén participa ditando maxistrais conferencias; polo que será nomeado Cronista Oficial da Cidade de Vigo en 1.976.

En 1.979 vende os fondos de *Edicións Castrelos* a Galaxia por carecer de continuadores e, no 1.983 xubilase como mestre da Escola Náutico-pesqueira, e pecha

simbolicamente a candidatura do Partido Galeguista nas eleccións municipais de Vigo. Xa estaba moi enfermo e non puido traballar máis.

O 2 de marzo de 1.985 morre en Vigo, por culpa da afección cardíaca que padecía desde había un ano.

Obra literaria

OBRA POÉTICA

Xosé María Álvarez Blázquez publicou en vida tres libros de versos:

Poemas de ti e de min (1.949).

Roseira do teu mencer (1.950).

Canle segredo (1.976).

Deixou tamén un bo número de poemas soltos, inéditos ou publicados en revistas ou folletos como:

Romance do pescador peleriño (1.954).

Publicou cántigas utilizando o pseudónimo Pepe do Rollo, imitantes ás cantigas medievais:

Cancioneiro de Monfero.

Nos seus derradeiros vinte anos escribiu moi pouca poesía lírica; pero ás veces case abrigado pola emoción, construía algún poema tan absoluto e derradeiro, datado o 29 de agosto de 1982 e titulado Solpor.

A súa obra poética tivo nas antoloxías derradeiras unha fortuna moi inferior.

Poesía galega completa.

O volume da súa *Poesía galega completa*, que non é completa de todo, recolle unha obra máis ben breve na que se contan algúns dos máis fermosos poemas escritos na nosa lingua e o conxunto deles é un dos máis valiosos da súa xeración. Esta obra foi preparada polo seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo.

OBRA NARRATIVA

A obra narrativa é de menor importancia pola súa extrema brevidade:

d'Os ruíns

d'A pega rabilonga

Os relatos que aparecen nestas obras son practicamente a súa totalidade; agora ben, nos anos da postguerra intentou case desesperadamente gañar diñeiro por tódolos medios, un deles foi a literatura, concretamente a novela. Así foi que escribiu varias novelas en castelán coas que gañou diversos premios. As mellores destas novelas foron *“Crecen las aguas”* e *“En el pueblo hay caras nuevas”*, ámbalas dúas traducidas posteriormente ó galego polo seu fillo Alfonso Álvarez Cáccamo.

Xosé María Álvarez Blázquez foi galardoado con diversos premios, entre eles: premio Pondal do Centro Galego de Bos Aires, Galdós e López Cuvillas de novela; da Asociación de prensa de Vigo,...

COMO ERA XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ?

Xosé María Álvarez Blázquez foi considerado un erudito non só polas importantes achegas en materia de literatura popular e culta senón tamén polas de arqueoloxía, historia xeral e local, de etnografía e polo gran número de conferencias e discursos que practicou.

Na súa madurez, Xosé María era un home de mediana estatura, un pouco groso, pero moi áxil de movementos e de moita habilidade manual. Andaba moi dereito e daba a sensación de elegancia en calquera situación. Padecía ictiose, unha enfermidade conxénita ademais de quedar bastante xordo.

Falaba moi ben e tiña un luído sentido do humor. Era moi cordial e xeneroso do seu tempo coa xente nova que acudía a el atraída polo seu saber e polo seu galeguismo.

O seu carácter era en xeral apracible, pero ás veces entrábanlle unhas cóleras formidables.

Infelizmente, tivo que traballar moito para subsistir con dignidade el e máis os seus, non gozou ningún privilexio que lle permitise dedicarse integramente ós seus estudos.

Amaba sobre todas as cousas a súa muller, os seus fillos e os seus irmáns, e tivo algunhas amizades fondas coma Celso Emilio Ferreiro ou Pedro Díaz.

Mantiña vivo o odio a Franco coma o primeiro intre, e foi sempre fiel ás súas convicións galeguistas e republicanas, cunha inclinación sentimental cara á esquerda e unha simpatía instintiva polos pobres do mundo.

O HIMNO GALEGO

O himno galego é estreado o 20 de decembro de 1907 no Gran Teatro da Habana, froito, coma a bandeira e o escudo, da emigración. En 1908 farase oficial. Na súa elaboración conxúganse as partituras de Pascual Veiga e o poema Os Pinos de Eduardo Pondal. O motivo central e moi sinxelo: que Galicia esperte do seu soño e emprenda o camiño cara á liberdade


Produto dunha cultura propia e reflexo do ambiente cultural e social que foi conformando ao largo da historia unha identidade singular, o himno galego aparece como o símbolo acústico máis solemne e transcendental de Galicia como comunidade política.

O nome de Galicia non figura en ningunha parte do poema, como é habitual en Pondal, sendo substituído por Fogar de Breogán. Pídeselle que esperte do seu soño, que non esqueza as inxurias e que escoite a voz dos pinos rumorosos, que non é outra cosa que a voz do pobo galego.

Desde 1907 hasta 1923 o himno galego foi cantado por rexionalistas e agraristas nos seus actos e pouco a pouco foi sendo aceptado por moitos máis. Os centralistas o asumirán, finalmente, na campaña electoral de 1977. Durante a época anterior á República se prohibiron tódolos símbolos rexionais. Entón, as sociedades galegas de América intensificaron seu interese pola expresión pública del himno. Coa II República o amor ó himno intensificouse como expresión dunha Rexión dentro do Estado Integral que tiñase constituído. Durante o período franquista, ata a etapa de aperturismo, só se cantaba, ao mais, nos actos culturais e como unha canción máis dentro do folclore galego. Dende 1960 comeza a interpretarse de modo máis explícito, anque disimulando os seus aspectos ideolóxicos.

En 1975, namentres tiñan lugar uns actos folclóricos na festa del Apóstolo, a xente comezou a se levantar namentres o himno soaba. Ao ano seguinte instaurouse esta costume de modo definitivo na Praza da Quintana, ratificado tamén polas autoridades asistentes.

Ademais do celtismo e helenismo sempre presentes na obra de Pondal, foi seu capacidade para penetrar nos sentimentos do pobo e expresar as súas aspiracións fundamentais, o que posibilitou seu éxito.



OS PINOS (HIMNO GALEGO)

¿Qué din os rumorosos
na costa verdecente
ao raio transparente
do prácido luar?
¿Qué din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
e de benignos astros
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso ronco son,
mais sóo os ñorantes
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das idades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, onde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.

HINO GALEGO

Presença de Eduardo Paredes

Maison de Pascal Veiga

[illegible]

UNHA AVENTURA NOCTURNA

Nunha noite de verán, nun bosque, algo máxico vaille acontecer a unha nena e a uns animais.

Isto comezou nun bosque, preto dun pequeno pobo costeiro.

Cando comezaba a pórse o Sol, o bosque cobraba vida propia: as curuxas e os mouchos abren os ollos para contemplar a actividade nocturna, os morcegos saen da cova atraídos pola luz da Lúa, os corvos voan dende a súa gorida en busca de presas coas que alimentarse, os lobos soben ao cume dos outeiros para lanzar os seus ouveos, os coellos acompañados dos seus cazapos corren atemorizados cara aos seus tobos.

As árbores altas, maxestosas e tenebrosas, fan de teito e cobizo a moitos seres vivos.

Ania, que estaba de acampada co seu pai, presenciou unha escena increíble: dende o fondo dun encoro escuro e tenebroso, saían tres meigas. A primeira era baixiña e regordecha, co cabelo rizo e enredado e un ollo que lle colgaba pola meixela; a segunda era delgada coma o pico dun piñeiro, a súa cara daba arrepiós, pois era pálida coma a neve e tiña unha melena moi longa e loura; a terceira tiña pinta de ser a máis bonita e intelixente, tiña un bastón nunha mao para sosterse pola pesada xiba que levaba a súas costas, na outra man levaba un gordo e pesado libro.

Ania decatouse de que unha delas a viu, e agachou a cabeza a gran velocidade, pero iso foi un gran erro, porque as meigas sentiron o ruxir das follas da matagueira onde estaba. De súpeto, dirixíronse cara a ela e agarrárona polo pescozo:

-Ti quen es, rapaza?

Dixo a regordecha.

-Eu? Son a Ania.

Tatexou a rapaza.

-Non tes dereito ningún para nos espiar, para unha noite ao ano que podemos saír á superficie, non iamos consentir que unha anana entremetida coma ti nola desfaga, temos pensado apoderarnos do bosque enteiro, e non podemos deixar que ninguén coñeza onde nos agochamos.

Despois dun silencio, puxéronse bisbar algo na súa lingua, e logo decidiron emprender, levando a Ania, ata o corazón do bosque. O sitio estaba preparado cunha fogueira no centro, e por riba dela unha pota por onde saían uns serpeantes e estranos fumes; a carón dela estaba unha árbore milenaria cotada polo pe que facía de mesa enriba da que había catro libros mal tirados que tiñan por títulos:” MAXIA PARA BRUXAS TORPES”, “APRENDEMOS A USAR OS CONXUROS (Método para principiantes), “FEITIZOS DE CALIDADE E MAXIA NEGRA”, do cuarto non se podía ver o título porque o tapaban os outros.

A outra meiga deixou caer o que ela levaba e moi enfurruñada dixo:

- Imos ter que conxurar un feitizo para impedir que propagues o noso segredo, en resume, vas quedar muda.

- Ha! Non me fagades rir, tres matusaléns coma vós non seriades capaces nin de me converter en ra, que é o truco máis vello e fácil que hai, como que deixarme muda!

Dixo Ania con valentía.

- Va que se é!, dixo a bruxa. Vas probar a maxia das miñas mans.

E acto seguido, as outras dúas, indignadas polo comentario, ataron a rapaza a unha árbore. Mentres que a outra seguía de pé fronte a ela e colleu un dos libros, ollouno un pouco ata que dou cun conxuro que lle gustou, e sen moverse do sitio estendeu os brazos cara á pota e dixo:

- Eu sempre digo que caladiñas estades máis bonitas, verdade irmáns?

- As outras botaron a rir.

- Calade que empezo a conxurar:

Ti esta lingua falarás.

A lingua dos animais.

Coma os osos e as ras.

Eu cho ordeno que ti o fas.
- Ouh non! Trabuqueime de conxuro! Onde están os meus lentes?

Pero antes de que puidese dicir algo máis, Ania co seu novo idioma, empezou a chamar a todos os animais do bosque (parecía Tarzán o dos monos) aos que pronto escachizaron nun plis-plas coas meigas guindándoas polo encoro e xa non volveron molestar máis.

Despois de toda aquela aventura a vida de Ania volveu ser normal, bo moi normal non, pois coñeces moitos que poidan falar cos animais (non coma os animais)?.

Aida Queimaño Soage 6º B

O NOSO AMIGO SOL

Ao amencer vexo o horizonte

todo despexado

o sol xa non se esconde

Sae lentamente

cheo de vergoña

alí ó lonxe

con moita forza

Nós llo agradecemos

podemos camiñar

xuntos cantaremos

la, la, la, la, la,

viva o soliño bonito

e tamén o mar.

O MAR

Hoxe cando fun pescar

púxenme a bucear

e encontrei unha serea

alí no medio do mar

Quen a pudiera namorar

a esa serea guapa

que non se deixou amar

E eu gritei e gritei


ven serea fermosa

que te quero namorar

Tívenme que casar

Con esa serea guapa

Que por fin se deixou amar.



LETRAS GALEÇAS 2008

FIADDEIRO

